



Concello de Xinzo de Limia



Concello de Sandiás



XUNTA DE GALICIA  
CONSELLERÍA DE  
EMPREGO E IGUALDADE  
Dirección Xeral de Formación e Colocación



galicia

**NOTIFICACIÓN COLECTIVA DO DECRETO DE ALCALDÍA DE DATA 15/10/2021  
POLO QUE SE ELEVA A DEFINITIVA A BAREMACIÓN DE MÉRITOS E  
PUNTUACIÓN TOTAL DO PROCESO SELECTIVO DE DIRECTOR/A,  
ADMINISTRATIVO E MONITORES DO OBRADOIRO DE EMPREGO E  
SELECCIÓN DE ASPIRANTES E RESERVAS (ARTIGO 45 DA LEI 39/2015 DE 1 DE  
OUTUBRO, DO PROCEDEMENTO ADMINISTRATIVO COMÚN DAS  
ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS).**

Por **Decreto de Alcaldía** de data 15/10/2021 resolveuse:

***“DECRETO ELEVACIÓN A DEFINITIVA DA BAREMACIÓN DE MÉRITOS E  
PUNTUACIÓN TOTAL DIRECTOR/A, ADMINISTRATIVO E MONITORES DO  
OBRADOIRO DE EMPREGO, SELECCIÓN DE ASPIRANTES E RESERVAS .***

Visto “**DECRETO APROBACIÓN LISTAXE DEFINITIVA DE ADMITIDOS E EXCLUIDOS E PUNTUACIÓN DEFINITIVA DA FASE DE ENTREVISTA NO PROCESO DE SELECCIÓN DE DIRECTOR/A, ADMINISTRATIVO/A, DOCENTES DO OBRADOIRO DE EMPREGO E PRAZO DE ALEGACIÓNS Á PUNTUACIÓN PROVISIONAL DOS MÉRITOS**” de data 13/10/2021, en cuxa parte dispositiva resolve:

“(…) 1) **Aprobar a listaxe definitiva de aspirantes admitidos/as e non admitidos/as (excluídos/as) segundo consta na listaxe asinada polo tribunal/grupo de traballo.**

2) **Elevar a definitiva a puntuación provisional da entrevista segundo consta na listaxe asinada polo tribunal/ grupo de traballo.**

3) **Indicar que as puntuacións da fase de méritos así como a conseguinte puntuación total que constan na listaxe asinada polo tribunal/grupo de traballo, teñen carácter de provisional, e polo tanto outórgase un prazo de alegacións ás mesmas dun día hábil a contar dende a publicación deste decreto.**

4) **Indicar que os candidatos seleccionados/as de xeito provisional, son, xa que logo, os que a continuación se indican:**

	<b>Seleccionado/a provisional</b>	1º reserva	2º reserva	3º reserva	4º reserva
<b>Director/a</b>	Eva María Gómez Quintela	María Elena Reza Conde	Paula Iago Camaño	Sandra Fernández Nogueiras	Fátima Vázquez Fernández
<b>Administrativo/a</b>	Cristina Mellado Alonso	María Mercedes Rodríguez Gómez			
<b>Docente albanelería</b>	María Elena Reza Conde				
<b>Docente xardinería</b>	Juan José Opazo Marra				





**Concello de Xinzo de Limia**



**Concello de Sandiás**



XUNTA DE GALICIA  
CONSELLERÍA DE  
EMPREGO E IGUALDADE  
Dirección Xeral de Formación e Colocación



galicia

5) Ante a inminente finalización do prazo de inicio do obradoiro, pese a que esta listaxe é provisional e está previsto outorgar un prazo de alegacións dun día, para dar cumprimento á norma 16 da Circular 6/2021 da Dirección Xeral de Formación e Colocación, Consellería de Emprego e Igualdade Xunta de Galicia, remítese á xefatura territorial de Ourense a presente proposta de persoal docente a contratar a fin de que verifiquen que cumpre os requisitos necesarios para participar no proxecto antes do seu inicio.

6) Solicitar á oficina de emprego que, segundo o indicado polo Tribunal, remita novos candidatos a docente de xardinería para poder contar cunha listaxe de reserva.

7) Publicar a presente resolución no taboleiro de anuncios e na sede electrónica do Concello de Xinzo de Limia e do Concello de Sandiás, expresando o réxime de recursos que caiban contra o acto de trámite cualificado recollido no punto 1) e 2) da presente resolución relativo á aprobación da listaxe definitiva de aspirantes excluídos e á aprobación da puntuación definitiva da entrevista.

8) Notificar o presente acordó o Concello de Sandiás, a Oficina de emprego de Xinzo de Limia e a Consellería de Emprego.

9) Dar conta da presente resolución ó Plenario municipal.(...) “

Vista a renuncia presenta polo candidato don Juan José Opazo Marra, seleccionado de xeito provisional como docente de instalacións e mantemento de xardíns e zonas verdes, e visto o resultado da entrevista e baremación de méritos que consta en sendas actas do tribunal/grupo de traballo tras a remisión de nova candidata pola oficina de emprego, e resultando que a aspirante dona Nuria López Araujo cumpre cos requisitos mínimos das bases de selección e que acadou a seguinte puntuación total:

**DOCENTE A MONITOR/A DE INSTALACIÓN E MANTEMENTO DE XARDÍNS E ZONAS VERDES:**

APELIDOS E NOME	PUNTUACIÓN ENTREVISTA	BAREMACIÓN	TOTAL
LÓPEZ ARAUJO, NURIA	5	2,25	7,25

**RESOLVO**

1) Elevar a definitiva a puntuación provisional do baremo de méritos obxectivo así como a conseguinte puntuación total segundo consta na acta asinada polo tribunal/ grupo de traballo.

2) Indicar que os/as aspirantes seleccionados e os/as reservas son os/as seguintes:

	Seleccionado/a	1º reserva	2º reserva	3º reserva	4º reserva
Director/a	Eva María Gómez Quintela	María Elena Reza Conde	Paula Iago Camaño	Sandra Fernández	Fátima Vázquez





**Concello de Xinzo de Limia**



**Concello de Sandiás**



**XUNTA DE GALICIA**  
CONSELLERÍA DE  
EMPREGO E IGUALDADE  
Dirección Xeral de Formación e Colocación



				Nogueiras	Fernández
<b>Administrativo/a</b>	Cristina Alonso Mellado	María Mercedes Rodríguez Gómez			
<b>Docente albanelería</b>	María Elena Reza Conde				
<b>Docente xardinería</b>	Nuria López Araújo.				

**3) Publicar a presente resolución no taboleiro de anuncios e na sede electrónica do Concello de Xinzo de Limia e do Concello de Sandiás, expresando o réxime de recursos que caiban contra o presente acordo.**

**4) Notificar o presente acordó o Concello de Sandiás, a Oficina de emprego de Xinzo de Limia e a Concellería de Emprego.**

**5) Dar conta da presente resolución ó Plenario municipal.**

**RECURSOS:** Contra a presente resolución, pódese interpor alternativamente recurso de reposición potestativo ante a Alcaldía de este Concello, no prazo dun mes a contar dende o día seguinte á publicación da presente notificación colectiva, de conformidade cos artigos 123 e 124 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas ou ben interpor directamente recurso contencioso-administrativo ante o Xulgado do Contencioso-Administrativo de Ourense, no prazo de dous meses, a contar desde o día seguinte á publicación da presente notificación colectiva, de conformidade co artigo 46 da Lei 29/1998, de 13 de xullo, da Xurisdición Contencioso-Administrativa. Si optase por interpor o recurso de de reposición potestativo non poderá interpor recurso contencioso-administrativo ata que aquel sexa resolto expresamente ou se producise a súa desestimación por silencio.

**DOCUMENTO ASINADO ELECTRONICAMENTE**



Cod. Validación: 4RXF79AKQEH3TMMXAXCGEDNFZ | Corrección: <https://xinzodelimia.sedelectronica.gal/>  
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 3 a 3

